

FEDERACIÓN ASDE – SCOUTS DE GALICIA

1. Que exista unha diferenciación clara dos diferentes tipos de actividades que existen no eido do tempo libre, coa finalidade de clasificalas en bloques e marcar diferentes requisitos para elas.
2. Definir claramente os suxeitos que figuran no borrador do decreto: participante, persoal dirixente, responsable da actividade, equipo dirixente,...
3. Incluír ao director no computo de titulados nas actividades de menos 25 participantes.
4. Que a declaración responsable mantéñase coma no Decreto 58/2012, revisando a excesiva documentación que promete o borrador e que, consideramos, afectaría á Lei de protección de Datos.
5. Regular todas as idades (menores de catorce anos).
6. Lexislar os baleiros que deixa o borrador, xa que as actividades non incluídas son a maioría das que se realizan (menos de 3 noites, en instalacións fixas,...). Tendo en conta o primeiro punto e facendo ratios e requisitos diferentes en función da tipoloxía.
7. Subir a idade de exercicio das titulacións de Tempo Libre a 18 anos, podendo barallarse a posibilidade de acceso a formación nunha idade anterior.
8. O equipo directivo nunha actividade con menores de 16 pode producir un equipo excesivo en actividades con poucos participantes.
9. Que os centros educativos estean afectos sempre que realicen actividades descritas no decreto.
10. Agradecemos as boas disposicións para a participación e consulta do sector. Por contra, entendemos que o tempo foi moi axustado para a confección do novo decreto. Por isto, solicitamos un período de tempo maior para proseguir traballando e participando na elaboración do novo decreto.

Preámbulo, obxecto, ámbito de aplicación e principios reitores

Preámbulo

Artigo 2º Ámbito de aplicación

Modifícase a idade de persoas novas quedando da seguinte forma:

*Para os efectos desta lei, terán a consideración de persoas novas **menores de 35 anos**.*

Disposicións de carácter xeral do Decreto 50/2000

Artigo 1º Obxecto

Aportacións a este artigo:

e) A regulación do Carné Xove, usuarios, entidades adheridas e entidades colaboradoras. (engádese un novo apartado)

*2. Para os efectos previstos neste decreto considérase xuventude a poboación residente na Comunidade Autónoma de Galicia de ata **trinta e cinco anos**. (modifícase a idade das persoas que se consideran xuventude)*

Rede Galega de Información e documentación Xuvenil

CAPITULO II - Da rede galega de Información Xuvenil

Artigo 94º Obxectivos

Propónse engadir o seguinte obxectivo:

4. Detectar as necesidades e demandas informativas do colectivo xuvenil sobre o que actúan.

Artigo 102º Oficinas municipais de información xuvenil

No punto 2.d e 3 deste artigo propónse maior especificidade en canto á formación e necesidade de delimitar a experiencia precisa.

Informador/a xuvenil e técnico/a en xuventude

Artigo 22° Do informador ou informadora xuvenil e do técnico ou técnica en xuventude

No punto 3 deste artigo propónse maior especificidade en canto á formación e necesidade de delimitar a experiencia precisa. Experiencia no eido da xuventude e unha titulación específica.

Formación e escolas de tempo libre

CAPÍTULO III - Da formación da xuventude

Artigo 24° Escolas de Tempo Libre

No punto 2 deste artigo engádense os apartados que están en negra; polo que quedan da seguinte forma

2. As persoas físicas ou xurídicas que queiran iniciar a prestación de servizos en escolas de tempo libre deberán presentar a correspondente declaración responsable ante o órgano directivo competente en materia de xuventude, nos termos que regulamentariamente se establezan.

Así mesmo, os requisitos para poder realizar a actividade de formación da persoa nos ámbitos do ocio e do tempo libre estableceranse regulamentariamente.

En todo caso, as persoas interesadas dispoñerán na páxina web da consellaría competente en materia de xuventude de toda a información necesaria, a través dun portelo único onde poidan realizar todos os trámites necesarios para levar a cabo a prestación destes servizos. **A actualización dos datos de dita páxina web será competencia da consellería.**

Regulación das escolas de Tempo Libre

CAPÍTULO I - Regulación das escolas de tempo libre

Artigo 50° Obxecto

Propónse a puntualización que aparece en negra polo que o artigo queda do seguinte xeito:

1. As escolas de tempo libre constitúen centros de **formación recoñecidos** oficialmente, perfeccionamento e especialización de xoves educadores nas actividades e técnicas orientadas á promoción e adecuada utilización do lecer.

Artigo 60° Ensinanzas que se impartirán

Proposta de modificación de Decreto

Somos Tempo Libre

Proponse modificar a redacción do punto 3 e engadir ensinanzas ou materias acorde os tempos. Os puntos a engadir son os seguintes:

3. As actividades de TL como ferramenta educativa.
4. Prevención de riscos e primeiros auxilios nas actividades de tempo libre.
5. Lexislación do tempo libre.
6. Actividades respetuosas co medio natural
7. Lecer e diversidade funcional.

Artigo 61º Modalidades de Ensino

Proponse engadir neste artigo:

- Que se inclúa na programación dos cursos de MTL, DTL e DCT a diversidade funcional
- Pedir titulación específica para os monitores/as de integración
- Non definir nos monográficos un mínimo nin máximo de horas
- Non aceptar cursos on-line e non recoller no decreto curso de monitor de comedor, autobús,..

Artigo 63º Dirección das escolas

Modifícanse os apartados que están en negrita, polo que quedan da seguinte forma:

1. Á fronte de cada escola de tempo libre existirá un director, **con capacidade e experiencia acreditada nos campos docente e de tempo libre**, que deberá dispor do título de director de actividades de tempo libre, ademais de posuír titulación universitaria.
2. Así mesmo, en cada escola existirá un profesor coordinador por cada un dos niveis de ensino que se impartan, que coordinará a acción docente dos profesores. Os profesores coordinadores deberán dispor da mesma titulación có director, **ademais de experiencia e formación demostrables no campo a impartir**.

Artigo 64º Obrigas das escolas

Modifícanse os apartados que están en negrita, polo que quedan da seguinte forma:

As escolas de tempo libre recoñecidas estarán obrigadas:

1. A organizar cada ano, alomenos, un curso do primeiro nivel **cun máximo de catro**.

Proposta de modificación de Decreto

Somos Tempo Libre

Ademáis de organizar formacións monográficas de forma anual e cada tres anos un curso de segundo nivel.

Neste artigo tamén se propón engadir os seguintes puntos:

5. As escolas deberán ter un seguro de responsabilidade civil e accidentes para os alumnos, durante a fase teórico e na fase práctica do curso.

6. As escolas deberán finalizar, en todo caso, as actividades formativas en curso. Se non o cumpren, non se concederá a revocación do recoñecemento das escolas.

Procedemento de recoñecemento das escolas de Tempo Libre

Artigo 66° Documentos esixible as escolas de tempo libre

No punto 1.b e 1.d modificáronse os apartados que están en negrita, polo que quedan da seguinte forma:

1. Toda persoa física ou xurídica que queira [...]

b) Proxecto educativo e sistema educativo da escola, con especificación das modalidades de ensinanzas que se vaian impartir, **o sistema de avaliación e seguemento dos alumnos.**

d) Os programas específicos do centro para os diferentes niveis que se pretenden impartir, de acordo cos contidos do título III deste decreto. **As escolas facilitarán a adaptación de materiais a aquelas persoas con necesidades educativas e comunicativas especiais.**

Neste artigo tamén se propón engadir o seguinte punto:

g) Orixinal e copia compulsada da Póliza de Seguros con cobertura suficiente e xustificante do último pago. A entidade terá 10 días hábiles para a presentación da documentación.

Artigo 69° Rexistro

Neste artigo proponse engadir:

Crear un Censo de Directores e Monitores de Tempo Libre e Escolas de tempo libre na Comunidade Autónoma dependente da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado.

Sendo competencia da Xunta a actualización da información.

Programas de formación, a avaliación e a expedición de títulos

Sección primeira - Programas de formación
Subsección primeira - Cursos de primeiro nivel. Modalidades

Artigo 70º Obxecto e funcións no primeiro nivel

Modifícanse os apartados que están en negrita, polo que quedan da seguinte forma:

1. Os cursos do primeiro nivel terán por obxecto a formación de persoas capaces de realizar actividades socio-culturais, **educativas** e recreativas, tanto en tempo libre urbano como na natureza.
2. As funcións e tarefas para as que deben capacita-los programas formativos dos cursos de primeiro nivel son:
 - a) Detecta-las necesidades de intervención no tempo libre dun grupo reducido de persoas, conectándoo co seu medio.
 - b) Animar, dinamizar e facilita-lo desenvolvemento dun grupo de persoas.
 - c) Diseñar, dirixir e executar **actividades de ocio e educativas**
 - d) Localizar recursos para o desenvolvemento das actividades.
 - e) Participar nun proxecto de animación xeral, responsabilizándose das tarefas específicas que lle son encomendadas.
 - f) Desenvolver e potenciar as ferramentas para que os monitores e as monitoras aprendan a comportarse de forma axeitada para exercer como modelos positivos para a xuventude.**
 - g) Planificar actividades respetuosas co medio ambiente.**

Artigo 71º. Curso de monitores/as de actividades de tempo libre

Aportacións a este artigo:

- Modificar o nome do título por “monitor/a de actividades educativas no tempo libre”.
- Engadir que dentro da fase teórico/práctica do curso se esixa unha saída de campo de 2 ou máis días, cun mínimo dunha pernocta.
- As prácticas terán unha duración de 150 horas, contabilizando 12 horas diarias en caso de actividades con pernocta, e 8 horas diarias no resto dos casos. Asemade, a persoa alumna en prácticas deberá permanecer durante o total do período de realización da actividade.
- A titorización da fase de prácticas pola entidade de destino realizarase por unha persoa co título de monitor/a de actividades no tempo libre e experiencia acreditada no eido.

Artigo 72º. Cursos de segundo nivel

Aportacións a este artigo:

- No primeiro apartado de explicación das titulacións de segundo nivel, engadir ademais de socioculturais e recreativas, a palabra educativas.

Proposta de modificación de Decreto

Somos Tempo Libre

- En canto ás funcións e tarefas a desempeñar, engadir:
 - Apartado b) Dirixir, executar e avaliar accións de animación e educación.
 - Engadir outra función/tarefa que faga referencia a “elaborar proxectos de intervención socioeducativa no tempo libre”.
 - Modificar as titulacións de segundo nivel para que non haxa xerarquías entre director/a de actividades de tempo libre e director/a de campos de traballo. Establecer unha parte común e e deixar os campos de traballo como unha especialización, non sendo necesario que primeiro haxa que sacar o título de director/a de actividades de tempo libre para poder coordinar un campo de traballo.

Artigo 73°. Curso de director/a de actividades de tempo libre

Aportacións a este artigo:

- Modificar o nome do título por “coordinador/a de actividades educativas no tempo libre.
- Nos requisitos de acceso, aumentar a 600 as horas de experiencia como monitor/a previas á matriculación no curso.
- As prácticas terán unha duración de 150 horas, podendo chegar a contar ata 12 horas diarias.
- Non se poderán realizar as prácticas deste título en campos de traballo, por xa existir unha titulación específica para coordinar campos de traballo.
- A titorización da fase de prácticas pola entidade de destino realizárase por unha persoa co título de director/a de actividades de tempo libre e experiencia acreditada como coordinador/a.

Artigo 74°. Curso de director/a de campos de traballo.

Aportacións a este artigo

- Modificar as titulacións establecendo os campos de traballo como unha especialización e non como unha xerarquía á que haxa que acceder sendo antes director/a con experiencia.
- As prácticas terán unha duración de 150 horas, podendo chegar a contar ata 12 horas diarias.
- Aumentar a 3 anos o prazo máximo para realizar a fase práctica.

Artigo 75°. Actividades complementarias

Aportacións a este artigo:

- Introducir un programa reglado de formación complementaria e de reciclaxe para profesionais do lecer, subvencionado.
- En caso de existir este programa, engadir que “*para manter vixente a efectividade das titulacións reguladas no presente decreto, requirírase unha actualización formativa nos últimos 7 anos realizando cursos formativos dentro do eido da*”

educación non formal”.

Artigo 76°. Procedemento de avaliación

Aportacións a este artigo:

- Esixir máis control da fase de prácticas por parte das escolas.
- Maior control das asistencias pola inspección competente.
- Os informes de prácticas serán vinculantes en todos os casos, non só nos emitidos nas actividades levadas a cabo pola Dirección Xeral de Xuventude. No caso de que un dos informes resulte negativo, a escola non poderá outorgar unha avaliación positiva.
- Os criterios de avaliación para valorar obxectivamente consideramos que serán:
 - Participación do alumnado, asistencia e actitude.
 - Asimilación dos contidos impartidos mediante traballos, supostos prácticos,...
 - Idoneidade do alumnado para esta función, entendéndoo como un conxunto de actitudes e aptitudes persoais indispensables a hora de desenvolver a actividade de educador/a do tempo libre. A avaliación deste punto deberá levarse a cabo dun xeito obxectivo.

Artigo 78. Homologación de títulos.

Non será homologable ningún tipo de titulación cursada de maneira “en liña” ou a distancia e a homologación en ningún dos casos será de forma automática, esixindo a equiparación en número de horas e contidos á titulación existente na nosa Comunidade.

Actividades xuvenís e de tempo libre

Capítulo IV. Das actividades xuvenís

Neste capítulo propónse engadir principios pedagóxicos do tempo libre:

1. Todas as actividades realizadas dende o tempo libre e o ocio educativo deben ter como fin principal desenvolver os seguintes principios pedagóxicos básicos:

- *Contribuír á formación integral das/os participantes.*
- *Educar en valores universais.*
- *Contribuír ao coñecemento, divulgación, defensa, mellora e respecto do patrimonio natural, social e cultural de Galicia.*
- *Fomentar e achegar ás/ós participantes o idioma e a cultura galegas.*
- *Educación ambiental, protección, defensa e conservación do medio ambiente. conciencia ambiental/ecolóxica.*
- *Educación para a igualdade e equidade.*
- *Contribuír á mellora do autoconcepto e a autoestima dos participantes.*
- *Fomentar a socialización, adquisición de habilidades sociais e as relacións persoais saudables.*
- *Visibilizar a diversidade, normalizala e fomentar o respecto cara ela.*
- *Inclusión.*

Proposta de modificación de Decreto

Somos Tempo Libre

- *Coherencia nas actividades dentro da educación formal e non formal.*

Artigo 25. Definición e ámbito de aplicación

2. O desenvolvemento de actividades xuvenís requirirá a previa presentación da declaración responsable, así como un seguro de responsabilidade civil ou garantía equivalente, nos termos recollidos regulamentariamente. **(neste apartado elimínouse a parte específica de act. Xuvenís ó aire libre, para que enmarcara a todas as actividades).**

Artigo 26. Actividades de aire libre

Aportacións a este artigo:

d) Actividades ao aire libre con pernoita (sexa en vivacs; albergues, refuxios e outras instalacións permanentes; acampadas móbiles ou fixas; marchas voltantes ou rutas, etc.).

e) Actividades de tempo libre dirixidas á infancia e á xuventude, tales como: campamentos urbanos, ludotecas, obradoiros, etc.

Elimínouse!!! A) acampadas, B) marchas volarntes ou rutas.

Tipos de actividades e promotoras/es

Artigo 45°.- Tipos de actividades ao aire libre

Aportacións a este artigo:

d) Actividades ao aire libre con pernoita (sexa en vivacs; albergues, refuxios e outras instalacións permanentes; acampadas móbiles ou fixas; marchas voltantes ou rutas, etc.).

e) Actividades de tempo libre dirixidas á infancia e á xuventude, tales como: campamentos urbanos, ludotecas, obradoiros, etc.

Elimínouse!!! A) acampadas, B) marchas volarntes ou rutas.

2. Enténdese por actividades de tempo libre dirixidas á infancia e á xuventude aquelas actividades que, sen implicar pernoita, corresponden aos contidos de educación non formal recollidos nos cursos de formación das persoas profesionais do tempo libre e non están recollidos noutra lexislación específica. **Engádese**

Requisitos do persoal técnico dirixente e obrigas do/a responsable da actividade

Artigo 47°.-Requisitos do persoal técnico dirixente.

Aportacións a este artigo:

Proposta de modificación de Decreto

Somos Tempo Libre

3. Por cada 10 participantes ou fracción haberá como mínimo un técnico dirixente. En deportes ou actividades con reglamento propio deberase seguir o ratio posto por ese reglamento.

(A tabla de ratios que aparecía neste apartado, debe de estar incluída nos anexos do decreto, polo que débese mencionar na reunión que se especifique)

No caso de participantes con **necesidades especiais, o ratio será $\frac{1}{3}$** . A entidade física ou xurídica promotora da actividade decidirá se existe necesidade dun ratio específico, previa valoración do informe médico pertinente e da consulta coa participante ante ou, no caso de menores de idade ou persoas tuteladas, da consulta coas persoas titoras. No caso de actividades de aventura ou de risco, o ratio será o establecido na súa propia lexislación e no seu defecto nunca será maior de 1/10.

Modifícanse os apartados que están en negrita, polo que quedan da seguinte forma:

4. No caso de actividades con pernoita, de actividades con continuidade no tempo e de actividades puntuais de **25 ou máis participantes, a/o responsable da actividade deberá estar en posesión do título de director/a de actividades de tempo libre.**

5. **O 80% dos membros** que constitúen o equipo dirixente necesario para cumprir coa proporción indicada no punto 3, sen incluí-lo responsable da actividade, deberán estar en posesión do título de monitor de actividades de tempo libre, **e o 20% restante -sen contar ao persoal en prácticas, que non tería que cumprir este requisito-, un mínimo de experiencia acreditada no tempo libre;** excepto naquelas actividades con finalidade cultural, docente ou deportiva que, por razón da súa programación, necesiten de profesorado ou de monitores especializados. Neste caso, o número mínimo de monitores titulados en actividades de tempo libre dentro do equipo técnico será dun **50%**.

Os alumnos que teñan superada a fase teórica nos cursos impartidos polas escolas de tempo libre oficialmente recoñecidas, poderán realiza-las prácticas nestas actividades sempre que o seu número non exceda o **33%** ó de monitores titulados en actividades de tempo libre.

Procedemento de autorizacións para a práctica destas actividades

Este apartado que se cita xa non aparece no noso borrador do decreto, pero viuse convinte que se propuxera nas reunións coa Xunta para ver a viabilidade do mesmo

“Con carácter previo ao desenvolvemento das actividades de tempo libre, deberá realizarse unha avaliación de riscos. En función do grado de probabilidade de que as persoas participantes sufran danos persoais derivados do seu desenvolvemento, clasificarase o risco derivado da actividade como tolerable, moderado, importante ou intolerable.

Proposta de modificación de Decreto

Somos Tempo Libre

Na avaliación de riscos terase en conta a totalidade de condicións da actividade a desenvolver, tendo en conta ás características das persoas destinatarias.

A clasificación do risco levarase a cabo por monitores/as responsables ou directores/as, segundo sexa o caso, mediante un sistema de avaliación previamente aprobado pola Consellería competente en materia de xuventude.

Prohíbese a realización de actividades de tempo libre cuxo risco sexa cualificado como intolerable.”

Artigo 50º.-Procedemento de autorización.

Modifícaronse os apartados que están en negra, polo que quedan da seguinte forma:

a) **Declaración responsable das autoridades competentes en materia de sanidade** referente ás condicións hixiénico-sanitarias do lugar e á potabilidade da auga. No caso de que a auga que se vaia utilizar proceda da rede municipal de abastecemento correspondente ou sexa envasada, chegará con facer constar esta circunstancia. **Neste punto elimínouse o mínimo de participantes que estaba en 50 e en vez de poñer un informe favorable das autoridades, decidiuse que bastaba cunha declaración responsable).**

No artigo quitouse o apartado sobre o “Plano gráfico do lugar onde se desenvolven as actividades”, porque non é viable que sigan pedindo iso.

Limitacións, normas, inspeccións e sancións

Artigo 53º.-Limitacións dos lugares onde acampar.

3. **Elimínouse** o de acampar a menos de 1km dun núcleo urbano.
4. A menos de 500 metros de monumentos ou conxuntos histórico-artísticos legalmente declarados. **Elimínouse este apartado porque isto ben estipulado polos plans dos Concellos pertinentes.**

Artigo 54º.-Normas de carácter sanitario.

4. O responsable da cociña deberá estar en posesión do carné de manipulador de alimentos. **Elimínouse a ratio que poñía de máis de 30 participantes. O responsable deberá estar en posesión do carnet independentemente do número de participantes.**
7. As actividades disporán dunha persoa que actúe como responsable sanitario, e que deberá ser médico, ATS, técnico de emerxencias, enfermeiro ou titulación similar oficial. **ampliouse a todas as actividades.**

Escola Galega de Lecer e Tempo Libre

Artigo 79º.-Obxectivos.

Insistir nas modificación deste punto.

Proposta de modificación de Decreto

Somos Tempo Libre

3. Realizar cursos e actividades de formación complementarias ás realizadas polas diferentes escolas de tempo libre e, en especial, aquelas que teñan por obxecto a especialización en áreas concretas de coñecemento das/os monitores/as e directoras/es de actividades de tempo libre. Realizar formacións de reciclaxe propias, atendendo ás necesidades formativas dos profesionais: necesidades diferentes, primeiros auxilios, prevención, innovación na educación, medio ambiente, etc..

Anexos: Programa para o curso de monitoras/es de actividades de tempo libre

1.2.2. Lexislación específica no eido do lecer.
insistir en usar unha linguaxe inclusiva.

Propostas para a renovación do Decreto 50/2000 e 58/2012

Tabla de contido

Preámbulo. Ámbito de aplicación.....	1
Idades que regula o Decreto.....	1
Formación e escolas de tempo libre.....	1
Certificados de profesionalidade vs./e titulacións de monitor/a e director/a de tempo libre; programas de formación; regulación das escolas.....	1
Actividades xuvenís.....	4
Actividades xuvenís de educación no tempo libre.....	4
Requisitos do persoal técnico dirixente/ Requisitos do persoal.....	6
Requisitos para o inicio das actividades.....	6
Declaración responsable en materia de sanidade.....	6
Titulación do responsable sanitario.....	7

Preámbulo. Ámbito de aplicación

Idades que regula o Decreto: sabemos que é complexo porque o Decreto regula o desenvolvemento da Lei de Xuventude, pero todas as persoas menores de 14 atópanse nun limbo legal. A proposta iría pola liña de **considerar Xuventude a todas as persoas menores de 35 anos**.

Formación e escolas de tempo libre.

Certificados de profesionalidade vs./e titulacións de monitor/a e director/a de tempo libre; programas de formación; regulación das escolas

A Recomendación da Unión Europea establece que:

“La presente Recomendación no excede de lo necesario para alcanzar dichos objetivos, en la medida en que no sustituye los sistemas nacionales de cualificaciones o créditos, ni los define, no prescribe resultados de aprendizaje específicos ni competencias personales, ni pretende ni requiere la fragmentación o la armonización de los sistemas de cualificaciones”.

O Consello da Xuventude de España, pola súa banda, recolle diferentes propostas relativas a esta cuestión:

“¿Cómo puede afectarnos [a las Escuelas de Tiempo Libre] el surgimiento de nuevos títulos?

Uno de los casos puede ser que la Comunidad Autónoma incluya las nuevas titulaciones en el correspondiente Decreto de desarrollo de actividades y conviva con los actuales títulos. De esta forma seguiríamos siendo las mismas Escuelas, dependientes de Juventud, con las mismas titulaciones que hasta ahora. Esto parece a simple vista muy cómodo para nosotros pero ocasiona que las personas que

se forman en un Centro de Formación para el Empleo obtengan un Certificado de Profesionalidad y los que se forman en nuestras Escuelas no lo obtengan. Esto se considera un desprecio a la calidad de nuestra formación en virtud de la otra y puede ocasionar la pérdida de alumnado en detrimento de la calidad de formación en el tiempo libre.

Otro extremo sería que la Comunidad Autónoma elimine las actuales titulaciones dependientes de Juventud, por lo que cualquier Escuela que quisiera ofertar las nuevas titulaciones tendría que habilitarse como Centro de Formación para el Empleo y esperar que el Servicio de Empleo de su Comunidad Autónoma le ofrezca la posibilidad de dar los cursos solicitados (normalmente sólo a desempleados). Esta situación hace que desaparezcan todas las Escuelas que no puedan adaptarse a este sistema.

Entre estos 2 escenarios existen multitud de propuestas intermedias. La más interesante para las Escuelas es que los títulos obtenidos en Juventud puedan homologarse de forma rápida y sencilla por los Certificados de Profesionalidad por los Servicios de Empleo”.

O caso de Castela e León, neste eido, é paradigmático. Nos reais decretos que regulan os CPs existe un artigo que di que o exercicio/ a regulación da profesión dependerá da acreditación expedida pola administración competente, isto é, a Comunidade Autónoma. Acolléndose a este artigo, o proceso que eles queren emprender en CL é o inverso ao que se está intentando impartir aquí en Galicia. Eles documentaron que o traballo no sector é, nun 60%, voluntario, e que non ten sentido esixir ao voluntariado ter CPs.

Dende Xuventude de CL identificaron, logo, dúas vías de traballo.

1. Para poder exercer como MTL cómpre ter, hoxe en día, un título expedido pola Comunidade Autónoma. Por iso, eles fixeron unha convocatoria de avaliadores e asesores e escollerán a 300 perfís para que leven a cabo este proceso. A súa idea é que toda a xente que teña xa o título poida acreditarse e obter o CP.

2. No futuro, a idea que teñen é reconverter a formación para que coincida cos plantexamentos da Comunidade Autónoma nun Decreto. É dicir, que a formación se pareza o máis posible aos CP, que converxan, pero que sexa unha formación diferenciada e propia. Todos os centro que quixesen impartir esta formación terían que converterse en ETLs. E, como colofón, queren crear un convenio co órgano de emprego da CA, o ECYL., que é quen leva os CPs, para que sexa Xuventude quen os xestione, pasando a xestionar por tanto a formación en TL en calquera das dúas vías. Para isto creouse unha Comisión a nivel técnico dentro do Instituto da Xuventude e vaise crear un protocolo que recolla este convenio interno.

A normativa á que se acollen para propor este sistema é a seguinte, vén recollida nos propios Reais Decretos:

Real Decreto 1537/2011, de 31 de octubre, por el que se establecen dos certificados de profesionalidad de la familia profesional Servicios socioculturales y a la Comunidad que se incluyen en el Repertorio Nacional de certificados de profesionalidad.

ANEXO I. IDENTIFICACIÓN DEL CERTIFICADO DE PROFESIONALIDAD

Denominación: Dinamización de actividades de tiempo libre educativo infantil y juvenil

Requisitos necesarios para el ejercicio profesional:

Estar en posesión de la acreditación establecida por la Administración competente.

Real Decreto 1697/2011, de 18 de noviembre, por el que se establecen cinco certificados de profesionalidad de la familia profesional Servicios socioculturales y a la comunidad que se incluyen en el Repertorio Nacional de certificados de profesionalidad.

ANEXO II

I. IDENTIFICACIÓN DEL CERTIFICADO DE PROFESIONALIDAD

Denominación: Dirección y coordinación de actividades de tiempo libre educativo infantil y juvenil

Requisitos necesarios para el ejercicio profesional:

Estar en posesión de la acreditación establecida por la Administración competente.

Así mismo, cómpre destacar que, segundo [o Servicio Público de Empleo Estatal](#): “Los certificados de profesionalidad, regulados por el Real Decreto 34/2008, de 18 de enero, son el instrumento de acreditación oficial de las cualificaciones profesionales del Catálogo Nacional de Cualificaciones Profesionales en el ámbito de la administración laboral.

Estos certificados acreditan el conjunto de competencias profesionales que capacitan para el desarrollo de una actividad laboral identificable en el sistema productivo **sin que ello constituya regulación del ejercicio profesional”**.

Ademais, segundo *o Real Decreto 34/2008, de 18 de enero, por el que se regulan los certificados de profesionalidad:*

Artículo 2. Los certificados de profesionalidad.

2. Los certificados de profesionalidad tendrán carácter oficial y validez en todo el territorio nacional, **sin que ello constituya regulación del ejercicio profesional**, y serán expedidos por el Servicio Público de Empleo Estatal y los órganos competentes de las Comunidades Autónomas.

En resumen:

- A obtención dos certificados de profesionalidade implican a superación dunhas determinadas unidades de competencia, que se poden convalidar. A convalidación ou homologación **é unha competencia da Comunidade Autónoma, quen é quen fixa os criterios para este proceso.**
- Fronte á vía de recoñecer só os certificados de profesionalidade, ou á de manter unha dualidade a nivel formativo, **dende o Consello da Xuventude de España avógase por manter a formación específica de cada Comunidade Autónoma, pero habilitar un proceso sinxelo para unha homologación rápida e cuase-automática.**
- Para apostar pola **vía da regulación específica de cada CCAA** recoméndasenos –por parte dun dos especialistas que elaboraron os certificados de profesionalidade do tempo libre e membro da Administración en Castela e León- acollerse ao seguinte artigo dos reais decretos: **“Requisitos necesarios para el ejercicio profesional: estar en posesión de la acreditación establecida por la Administración competente”**.

A proposta sería entón **manter unha formación propia, impartida polas ETLs, que fose o máis similar posible á formación que recollen os Certificados de Profesionalidade** –en horas e contidos, se vén adaptada á realidade galega- e que fose **imprescindible para traballar (voluntaria ou profesionalmente) en Galicia, favorecéndose, así mesmo, a homologación cuase automática dos Certificados de Profesionalidade aos títulos propios e viceversa.**

O feito de que a Comunidade Autónoma teña como competencia propia a **regulación da profesión** permite, así mesmo:

- Que se poida solicitar o título de monitor/a para exercer como director/a, independentemente do tipo de formación que teñamos.
- Que se esixa a **maioría de idade para exercer como monitor/a.**
- Que se esixa un número de horas determinadas de **experiencia como monitor/a para poder exercer como director/a: 600 horas** é a proposta.

As escolas deberían contar ademais con:

- Seguro de responsabilidade civil **e de accidentes** que dea cobertura ás persoas durante a realización das súas prácticas (artigo 17.5 do primeiro borrador e artigo 64 do Decreto 50/2000).

En canto aos **programas de formación**, respecto dos títulos de MTL e DTL, propónse:

- Cambiar o nome do título de MTL por: “**monitor/a de actividades educativas no tempo libre**”.
- Cambiar o nome do título de DTL por: “**coordinador/a de actividades educativas no tempo libre**”, que supón outro xeito de entender este rol no Tempo Libre e que é o título máis utilizado no conxunto do Estado.
- As horas de prácticas diarias nos campamentos non poden ser 8. Nos campamentos trabállase dende as oito da mañá ata a unha da mañá, normalmente máis, por iso temos un convenio especial que recolle un *plus* económico recoñecendo este feito. Non é xusto que **as persoas que estean facendo as súas prácticas de MTL ou D/CTL só poidan contabilizar oito horas por cada día de traballo, o mínimo sería 10, como ata agora, ou 12, que se axustaría máis á realidade.**
- **Control efectivo dos procedementos de avaliación.** Tanto na parte teórica, como na práctica. O **informe do director/a/coordinador/a da fase de prácticas debería ser vinculante** –actualmente non ten ningún valor-, non son ó emitido polas escolas.

Actividades xuvenís

Actividades xuvenís de educación no tempo libre

Constitúen... (artigo 45 do Decreto 50/2000 e artigo 27 do primeiro borrador)

Por parte de STL pedíamos que as actividades non se restrinxiran a marchas e acampadas volantes, etc., porque **deixaba a gran maioría das actividades educativas no tempo libre sen regular**. En base a iso **pódense recoller diferentes tipos de actividades, en función de diferentes criterios, que requirirían diferente tipo de regulación**.

En STL traballamos moitos, recollo aquí dous exemplos. Con todo, fai falta máis tempo e reflexión para afondar neste asunto:

Exemplo 1.

-Tempo: atendendo á duración da actividade. Poderíase facer unha subclasificación onde se inclúa **pernoita** ou non:

- Actividades dun día
- Actividades de ata 3 días
- Actividades de 3 a 7 días
- Actividades de + de 7 días

-Número: onde teríamos en conta a cantidade de participantes na actividade:

- Actividades de menos de 15 persoas
- Actividades de entre 15 e 30 persoas
- Actividades de entre 30 e 50 persoas
- Actividades de entre 50 e 100 persoas
- Actividades de + de 100 persoas

-Espazo: se é nun espazo aberto ou pechado.

-Risco: avaliando as dificultades e a perigosidade da actividade a realizar:

- Actividades que precisan de especialistas
- Actividades que non precisan especialistas

Exemplo 2.

Tipo I: Actividades de duración igual ou inferior a 24 horas, sen pernoita ou con pernoita en local cuberto, que se realicen en espazos pechados, ou en espazos abertos nun entorno urbano ou semiurbano, nas que as actividades a realizar sexan de risco reducido ou inexistente. Este tipo de actividades inclúen obradoiros, manualidades, orientación, deportes, xogos, excursións, restauración do medio natural, actividades de granxa con animais, rutas, paseos en bici, ou outras actividades semellantes.

Tipo II: Actividades sen pernoita, ou con menos de cinco noites de pernoita, en locais pechados ou ó aire libre, nas que se desenvolvan actividades de risco medio. Este tipo de

actividades inclúen aquelas consideradas de multiaventura, como tiro con arco, rocódromo, escalada ou rapel en instalacións, actividades acuáticas en piscina ou no medio natural, rutas en barca, canoa, piragua ou semellante, actividades de supervivencia, sendeirismo e montañismo, equitación, vehículos de motor, ou outras actividades semellantes.

Tamén se inclúen neste tipo as actividades descritas no Tipo I cando a súa duración e de máis de 24 horas.

Tipo III: Actividades de cinco ou máis noites de pernoita, nas que se desenvolvan actividades de risco medio como as descritas no Tipo II.

Tipo IV: Actividades, con ou sen pernoita, que involvan accións de alto risco para as que sexan necesarias especialistas. Este tipo de actividades inclúen escalada en medio natural, barranquismo, navegación a vela, rafting, surf, bodyboard e semellantes, esquí, alpinismo e calquera outra actividade que supoña un risco equivalente ou superior.

Non deberían quedar excluídas do Decreto (artigo 27.2 do primeiro borrador):

-As actividades desenvolvidas por centros educativos, sempre que, pola súa natureza, respondan á definición de actividades de tempo libre (por exemplo, colonias de vacacións).

-As competicións ou prácticas deportivas... sempre que se dea o mesmo caso (por exemplo, campamento de baloncesto).

-As actividades promovidas por centros residencias de acollemento ou polos servizos sociais, se se dá, de novo, o mesmo caso.

Requisitos do persoal técnico dirixente/ Requisitos do persoal

(Artigo 47 e seguintes do Decreto 50/2000 e artigo 28 e seguintes do primeiro borrador do novo Decreto)

Se é que comezan a regularse todas as actividades de tempo libre, e non só as que implican pernoita e se fan en instalacións non fixas, **das actividades sen pernoita debería eliminarse o feito de que o coordinador/a da actividade non compute para o ratio**. Por exemplo, para saír ao parque con 21 rapaces/as, poderíamos estar tres responsables (un por fracción de 10 ou menos) e non catro como recollería a lexislación agora se se fai unha extensión xeral ás actividades sen pernoita (coordinador/a+1 por fracción de 10 ou menos).

Cómpre definir que **os/as participantes son os beneficiarios/as da actividade, e non aos recursos humanos presentes durante a actividade (os/as monitores/as responsables, o persoal de limpeza e cociña, etc.)**. Agora a lexislación é ambigua ao respecto e segundo a provincia o criterio cambia.

Requisitos para o inicio das actividades

(Artigo 30 do primeiro borrador do novo Decreto). **A documentación que se solicita é inxente e imposible, nos prazos solicitados, para as entidades voluntarias.** Dende os scouts, onde somos todas/os voluntarias/os, facemos moitos campamentos de tres noites ao longo do ano, seríanos imposible recoller tanta documentación con tanta antelación, sería como entregar un libro catro veces ao ano... Algunha dela é especialmente sensible. Solicitaríamos que se mantivese a declaración responsable coma no Decreto 58/2012, cambiando tal vez os prazos (en lugar do día anterior ao inicio da actividade, cuns días de antelación), para que o reciba a Administración en tempo e poida solicitar, se así o cre necesario, a documentación que considere oportuna vía online. Outra posibilidade sería establecer estes criterios para actividades de longa duración (campamentos de 15 días) e non de 3.

Declaración responsable en materia de sanidade

(Artigo 30.1.o.i do primeiro borrador do novo Decreto e artigo 50.a do Decreto 50/2000). Pídese unha **declaración responsable das autoridades competentes en materia de sanidade referente ás condicións da auga. A Consellería de Sanidade non outorga este informe** dado que, cando se fai un campamento nunha instalación non fixa, **a instalación está sen montar antes do inicio do propio campamento**, polo que a Consellería non pode outorgar unha declaración de algo que non existe. **Hoxe en día, polo tanto, non o está facendo, e este apartado suporía afastar a lexislación da realidade, habería que cambialo por unha declaración responsable da entidade organizadora.**

Titulación do responsable sanitario

(Artigo 32.g do primeiro borrador do novo Decreto e artigo 50.a do Decreto 50/2000). Dise no Decreto antigo e no novo que “ás actividades ás que asistan máis de 50 participantes disporán dun responsable sanitario que deberá ser médico, ATS ou diplomado universitario en enfermería”. **Esta última titulación, de feito, xa non existe.** No noso grupo scout, temos unha persoa que é **técnico de emerxencias sanitarias** e que, por tanto, pode exercer a función de responsable sanitario sen ningún problema, é máis, seguramente sexa a persoa con máis capacidade de facer o que fai un responsable sanitario nunha actividade de tempo libre: facer unha cura e valorar se existe un nivel de gravidade que esixe acudir a un centro médico. Por tanto, pídese que se cambie a redacción por **“un responsable sanitario que teña unha titulación oficial que lle permita actuar como tal”**, para as actividades de máis de 50 participantes e de máis de tres noites de pernoita. Admitindo unha **certa flexibilidade** que sirva para adaptarnos a un entorno **onde as titulacións universitarias e de formación profesional xa non son tan ríxidas e cambian e xorden novas** cada certo tempo.

PERSOAS FÍSICAS

Estaría ben que se modificaran/melloraran as seguintes partes, dende o punto de vista do meu grupo de traballo durante o proceso e tamén dende o meu propio punto de vista:

- Ter en conta que un menor de idade NON pode ser responsable dun grupo de persoas.
- especificar titulación específica para granxas escolas.
- facer unha clasificación das actividades (en función de diferentes criterios, como actividades a desenvolver, peligrosidade, persoal, distancia a un centro médico, natureza participantes-diversidade funcional-...) e definir cada punto do decreto para dita clasificación.
- Incluir no Decreto as actividades de días puntuais, campamentos urbanos, campamentos de 2-3 días, ludotecas...
- Aumentar o periodo para poder entregar documentación de última hora.
- A Xunta pode ser a que requira directamente a información relativa á tarxeta médica, por exemplo.

A idea de implantar os certificados de profesionalidade, quizás sexa un xeito de profesionalizar o sector, pero non estamos sendo conscientes da dificultade que supón para escolas de tempo libre adaptarse os requisitos (tanto a nivel de instalacións como de docentes) para poder impartir este tipo de titulacións. Facer este tipo de cursos para os usuarios supón unha gran inversión económica; dado que os Certificados de Profesionalidade, se non están subvencionados, son moito máis caros que os 350€ que vale hoxe en día un Curso de Monitor impartido por unha ETL.

Non pode haber monitores menores de idade traballando con rapaces da súa mesma franxa de idade. Non creo que teñan a madurez suficiente para facerse responsables de 150 rapaces, nalgúns dos casos. ¿Qué seguridade lle damos aos país?

Non se pode permitir que unha persoa acade a titulación de Director de TL sin, previamente ter a experiencia, de Monitor de TL. Nos certificados de profesionalidade deste eido ambas titulacións son totalmente independentes, e decir non precisas ter a titulación de Dinamizador para obter a de Director.

Noutras Comunidades Autónomas están traballando con outras alternativas bastante convincentes.

Moitas das actividades fundamentais do tempo libre seguen sen regulación neste novo borrador.

É preciso crear novas titulacións ou especialidades formativas sobre todo no eido da diversidade funcional. Neste punto tamén habría que engadir que é preciso a regulación de que as instalacións se adapten o 100% as necesidades destas persoas.